

COMO FUNCIONA?

A bicicleta préstase durante períodos máximos de 5 horas. Transcorridos 5 minutos dende a finalización dun préstamo poderá solicitarse un novo préstamo.

RETIRAR A BICICLETA

- 1 Achegar a tarxeta ao panel de información.
- 2 Marcar o nº de identificación.
- 3 Elixir a bicicleta a usar.
- 4 Aceptar que a bicicleta que utilizas está en condicións óptimas de uso e que se segue as normas de utilización.
- 5 Retirar a bicicleta.

DEVOLVER A BICICLETA

Para devolver a bicicleta só precisas chegar o guiador a calquera dos cadeados libres do punto de préstamo elixido. O sistema emitirá un son que indicará que a devolución se realizou correctamente.

RECORDA COMPROBAR QUE A BICICLETA QUEDE BEN AMARRADA ANTES DE MARCHAR

INCIDENCIAS

No caso de ocorrer un incidente que afecte ás condicións mecánicas ou estéticas da bicicleta, a persona usuaria deberá poñerse en contacto inmediatamente co **Centro de Control** no **681 325 269**, coa **Concellería de Medio Ambiente** no **988 388 135** ou coa **Policia Local**.

CASOS DE INHABILITACIÓN

Atraso	Inhabilitación
Menos de 1 hora	1 día natural
De 1 a 8 horas	2 días naturais
Posterior á recollida	3 días naturais
De 8 a 24 horas	7 días naturais
Máis de 24 horas	30 días naturais
Por reincidencia	Permanente

ROUBO OU FURTO

En caso de roubo ou furto, o usuario ou usuaria ten a obriga de comunicar nun prazo máximo de 24H a desaparición da bicicleta. No caso de non presentar a denuncia causarás a baixa definitiva no sistema e aboará 300 Euros pola bicicleta.

+ info: <http://bicis.ourense.es>

QUE É BICIOURENSE?

É un sistema de préstamo de bicicletas posto en marcha a través dun convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e o Concello de Ourense para promover e potenciar o uso da bicicleta como medio de transporte urbano no Concello de Ourense.

Esta acción desenvólvese a través dun convenio de colaboración que o INEGA ten subscrito co IDAE.

QUEN PODE SER USUARIO?

Todos os residentes de Ourense ou visitantes da cidade que tramiten a tarxeta. Todos deben ser maiores de 18 anos. Para os menores, a partir de 14 anos, será necesaria autorización do pai, nai ou titor/a.

QUERO DARME DE ALTA

Para poder utilizar o sistema de préstamo de bicis é imprescindible dispoñer da correspondente tarxeta de usuario.

Pode obterse de forma presencial:

- 1 Acudir ao Servizo Municipal de Facenda, na esquina da rúa Colón con rúa de Imprenta, para recoller a carta de pagamento.
- 2 Ingresar a taxa nun banco ou caixa autorizada.
- 3 Acudir á Concellería de Medio Ambiente ou á Oficina de Atención Cidadá na Praza de San Martiño nº1 co recibo de pagamento.
- 4 O pagamento da taxa dá dereito á utilización do sistema de préstamo de bicicletas durante o ano natural.

Ou online:

- 1 Descarga a carta de pagamento e realiza o pagamento da taxa a través da sede electrónica do Concello (+info en bicis.ourense.es)
- 2 Recoller a tarxeta na oficina de Medio Ambiente ou na oficina de Atención ao cidadán.

VANTAXES

Se decides utilizar a bicicleta no lugar do teu coche particular, todos os días en catro traxectos de 2,5 km, conseguirás por traxecto:

- Aforrar 180 L de combustible ao ano (aprox.)
- Reducir a emisión de kg/ano de CO2
- Reducir o risco de accidentes nun 98%
- Reducir o 92% do espazo público que utiliza o vehículo particular
- Mellorar a túa saúde


TELÉFONOS DE INTERESE

Centro de control Concellería Medio ambiente
681 325 269 988 388 135

<http://bicis.ourense.es>



Concello de **OURENSE**



BICIOURENSE

O noso corazón

